



Forman parte do equipo do traballo da rehabilitación no coidado das obras.

## @s aparellador@s

### 88. Que son?

Os aparelladores ou arquitectos técnicos, están cualificados para colaborar cos arquitectos na dirección e execución de obras de arquitectura, e para realizar determinados proxectos de edificación e rehabilitación, nos que a lei non obriga a contratar un arquitecto. Os seus coñecementos, adquiridos nas escolas universitarias de arquitectura técnica, céntranse no estudo dos materiais e nos procesos de execución e control das obras. Tamén teñen os seus honorarios.

### 89. Para que os necesitamos?

Algunhas obras de menor entidade poden ser deseñadas e dirixidas polos aparelladores. Porén, a súa colaboración co arquitecto na construción de edificios está definida nas leis e garántenos un maior control dos materiais que se empregarán na nosa obra, a correcta execución dos procesos construtivos desta e a seguridade dos que traballan nela.

### 90. Que fan nas obras?

O arquitecto confíalle ao aparellador o bo desenvolvemento da obra. Os aparelladores dedícanse a inspeccionar a calidade dos materiais, a correcta execución do que se está a facer e ocúpanse tamén do rigoroso cumprimento das normas de seguridade para evitar os accidentes no traballo.